

Edicións Xerais preséntanos un novo conto para primeiros lectores de Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951), un referente ineludible xa dende hai tempo na literatura infantil galega que volve facer gala do seu bo quefacer nas letras amosando unha simpática historia de amizade disfrazada de anécdota interesada entre dous animais de temperamentos diferentes: un can, Marqués, definido xa polo seu nome e unha cadela, Malta. Vén acompañada das ilustracións de Manuel Uhía (Portonovo, Pontevedra, 1944) quen, co seu estilo inconfundible en canto a figuración e escolla da variedade cromática, relata todas as escenas que a autora debuxa coas súas palabras.

Os devanditos animais teñen fame e mentres Malta, caracterizada como a traballadora e a previsora da relación dicotómica, anda na procura de algo que levar á boca, Marqués, preguiceiro e vividor mais tamén divertido e en-

Referente ineludible

Con amizade incondicional

PAULA FERNÁNDEZ

trañable para quen le, enumera as cousas que sería quen de facer por ela. Un relato de propósitos encadeados que evidencian

o carácter nugallán do macho fronte ao comportamento traballador da femia, para o que a autora se vale dunha estrutura repetitiva que realmente leva a pensar en Marqués como nun animal ao que lle marcha toda a forza

pola boca pero que c o n s e g u e ao final o seu obxectivo: que a c a d e l a compareta con el o zanco de polo que atopa no vertedoiro.

Para a c a d a d e se resulta, Marqués emprega en estilo directo a súa astucia coa palabra

introducida por un narrador. El sería quen de facer case calquera cousa por Malta aínda que é ela quen en silencio fai algo verdadeiramente importante polo amigo. Cábriase así a estrutura máis repetida por unha que malia aparecer só unha vez sentencia de maneira humorística a historia, pasamos do xenérico e inocente “se fosse... faría...” a un máis interesado “¿e ti que farías por min?” rematado maxistralmente pola cade-la boa coñecedora da argucia de Marqués.

Cómpre subliñar o valor da amizade, pois non sería de estrañar que a cadela non quixese compartir o seu achádegco co can. Malta coñece moi ben o seu amigo e non ten atrancos á hora de compartir con el a comida atopada. Ela é a mostra de amizade incondicional, da que non pide nada a cambio. Un valor transmitido por Fina Casalderrey nesta historia á maneira de quen coñece verdadeiramente o pensamento dos lectores e lectoras máis novos.

CASALDERREY, Fina, *¿E ti que farías por min?* (Ilustr: Manolo Uhía), Ed. Xerais, Vigo, 2010, PVP 10,20 €

